



## XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2023

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e tres.

No salón de actos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, ás 20.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros D<sup>a</sup> María del Carmen González Ferro, D. Manuel Francisco Martín García, D. Ramón Quintela Miramontes, D<sup>a</sup> Patricia Arnosó López, Margarita Ruiz Núñez e D<sup>a</sup> María Jesús Vieito Mayo, así como os letrados/as D. Manuel Arza Galán, D<sup>a</sup> María del Pilar Fonseca Cao, D. Carlos Alberto García Novio, D. Evaristo Nogueira Pol, D. Jorge Eladio Romero Rivera e D. César Rúa Martínez.

### ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.**
- 2. Recensión do decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.**
- 3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.**
- 4. Propositions.**
- 5. Rogos e preguntas.**
- 6. Toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno elixidos nas eleccións de decembro de 2022.**

### **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR**

Sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

---

## **2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECEMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.**

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións en relación coa **xestión colexial** no ano anterior:

- Durante o ano 2022 tramitáronse un total de 3.509 expedientes de xustiza gratuíta.
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 858.773,29 euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda.
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 20.000 euros para outros convenios (mediación penal, vía previa concello, delitos sexuais, compensación avogados designación por requirimento xudicial, violencia de xénero, IGVS), repartido entre os letrados/as que prestan eses servizos.
- Tramitáronse 26 altas de novos colexiados/as (24 como exercentes e 2 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 839 colexiados exercentes e de 523 non exercentes.
- Expedíronse 63 carnés colexiais con sinatura dixital.
- Emitíronse 104 informes de honorarios para taxacións de custas.
- Tramitáronse 33 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitáronse 7 expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2022:

- Aprobación do proxecto de novo Estatuto do ICA Santiago (27.07.2022)
- Creación dunha quenda voluntaria para prestar asesoramento a persoas desprazadas de Ucraína (08.03.2022)
- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil con Allianz, do 01.07.2022 ao 30.06.2023, cunha subvención do Colexio de 100.000 euros (07.04.2022)
- Contratación do programa de xestión para despachos Quolaw da editorial vLex (gratuíta para colexiados/as) (05.05.2022)
- Contratación da póliza de seguro de ciber riscos coa corretoría Aon (05.05.2022)
- Contratación do seguro “Vida Ahorro para Instituciones” de Mutualidad de la Abogacía (07.09.2022)
- Prórroga do prazo para devolver os préstamos Covid (25.10.2022)
- Convocatoria de eleccións a diversos cargos da Xunta de Goberno (25.10.2022)



- Acordos de amparo a colexiados/as (5 en total, de datas 02.02.2022, 08.03.2022, 21.06.2022, 13.07.2022 e 09.11.2022)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2022:

- Anticipo dos pagamentos trimestrais da quenda de oficio, con cargo aos fondos propios
- Xestións ante a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego ante as queixas polos atrasos das conciliacións ante o SMAC
- Creación do canal “Avogacía Compostelá” en YouTube.
- Actuacións no Día Internacional da Muller: repartición de máscaras de cor morada (8 de marzo)
- Celebración da festividade de San Raimundo de Peñafort (10 de xuño)
- Subvención a colexiados/as para a adquisición de togas propias (24.05.2022)
- Concesión de seis bolsas para asistir ás Xornadas de avogados e avogadas de violencia de xénero (León, 7 e 8 de xullo)
- Publicación de reportaxe na prensa local con motivo da conmemoración do Día da Xustiza Gratuíta (12 de xullo)
- Reunión territorial da Mutualidad de la Abogacía, previa á Asemblea Xeral (25 de maio)
- Publicación da Memoria anual 2021
- Publicación da Guía colexial 2022
- Publicación do número 22/2022 da revista Avogacía Compostelá
- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2020:

- Xornada en liña “Estudo do proxecto de lei de reforma da Lei concursal” (3 de marzo)
- Cursos: “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”, en colaboración co IECE (febreiro a marzo)
- Xornada en liña: “Reforma laboral 2022” (15 de marzo)
- Xornadas “Contratación administrativa: baixas temerarias e competencia na contratación local” (19 e 28 de abril)
- Xornada sobre responsabilidade civil (12 de maio)
- Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xullo, teleformación)
- Xornadas “Cuestións prácticas sobre violencia de xénero e violencia sexual” (27 de outubro, 3, 8 10 e 15 de novembro)
- XV Xornada Xustiza e Lingua (7 de novembro)
- Curso en liña: “Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega” (novembro)

- Almorzo de traballo para tratar as novidades tributarias para 2023 (13 de decembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Coedición coa editorial Tirant lo Blanch do manual “Ley de enjuiciamiento civil”
- Coedición coa editorial Colex do manual “Fiscalidad de los honorarios de abogados y procuradores. Paso a Paso” (xullo)
- Acordo coa editorial Wolters Kluwer para a adquisición en oferta especial do manual “Guía práctica de la prueba en el proceso penal” (outubro)
- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: Global Economist & Jurist, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepin e vLex Premium.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Renovación do convenio de mediación penal coa Dirección Xeral de Xustiza
- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafuzamentos
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades lexislativas a prezos reducidos
- Convenio con Atriga para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio con UTD Concursal, SLP, para a emisión de informes periciais en relación co cártesl de vehículos
- Convenio de colaboración con Abanca
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenio con Iberdrola
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de póliza colectiva de saúde
- Convenio con Nueva Mutua Sanitaria del Servicio Médico
- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Pías Clínica Dental



- Convenio con Opticalia Casa de los Lentes
- Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes
- Convenio co aparcadoiro de Área Central
- Convenio con Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU
- Convenio con Trasteros Tambre, SL, para alugueiro de espazos e arquivo

### 3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta do seguinte balance de gastos e ingresos do exercicio correspondente ao ano 2022:

<b>GASTOS</b>	<b>845.920,49</b>
2. Aprovisionamentos	74.902,66
600. Compras de mercadorías	17.557,45
601. Compras de materias primas	24.450,84
602. Compras doutros aprovisionamentos	32.894,37
3. Gastos de persoal	285.452,41
640. Soldos e salarios	223.059,09
642. Seguridade social a cargo da empresa	62.393,32
4. Outros gastos de explotación	474.184,45
620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio	73.181,16
621. Arrendamentos e canons	4.459,05
622. Reparacións e conservación	14.908,96
623. Servizos de profesionais independentes	11.443,86
625. Primas de seguros	233.106,94
626. Servizos bancarios e similares	1.520,29
628. Subministracións	12.753,61
629. Outros servizos	70.420,77
631. Outros tributos	1.791,01
6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente	31.383,32
650. Perdas de créditos comerciais incobrables	3.500,00
654. Gastos reembolso goberno	7.583,79
655. Perdas de créditos incobrables	3.988,34
678. Gastos excepcionais	979,65
694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais	3.163,70
5. Amortización do inmovilizado	8.993,30
680. Amortización do inmovilizado intanxible	557,08
681. Amortización do inmovilizado material	8.436,22

A) Beneficio de explotación	47.258,00
B) Resultado financeiro (beneficios)	228,71
C) Resultado antes de impostos (beneficios)	47.486,71
11. Imposto sobre beneficios	2.387,67
6300. Imposto corrente	2.387,67
D) Resultado do exercicio (beneficios)	45.099,04

**INGRESOS****891.019,53**

1. Importe neto da cifra de negocios	34.005,26
705. Prestacións de servizos	34.005,26
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	666.094,50
721. Cotas colexiais	653.652,13
723. Cotas profesionais	12.442,37
5. Outros ingresos de explotación	186.700,08
740. Subvencións, doazóns e legados á explotación	174.409,69
754. Ingresos por comisións	4.383,62
755. Ingresos por servizos ao persoal	6.146,00
778. Ingresos excepcionais	1.760,77
6. Outros gastos de explotación	3.990,98
794. Reversión da deterioración de créditos por operacións comerciais	3.990,98
A) Perda de explotación	0,00
10. Ingresos financeiros	228,71
769. Outros ingresos financeiros	228,71

Unha vez sometidos á votación, as contas de gastos e ingresos do exercicio 2022 son aprobadas de forma unánime.

---

**4. PROPOSICIÓNS**

Non se formulan.

---

**5. ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulan.

---



**6. TOMA DE POSESIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO ELIXIDOS NAS ELECCIÓNS DE DECEMBRO DE 2022.**

Constitúese a Mesa para o acto de toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno elixidos nas eleccións de decembro de 2022, que preside circunstancialmente o deputado da Xunta máis antigo, D. Ramón Quintela Miramontes, e na que actúa como secretario D. Manuel Francisco Martín García, ao non someterse ambos a reelección.

Deseguido, ten lugar a toma de posesión dos cargos respectivos. O presidente da Mesa chama de maneira individual os seguintes colexiados e colexiadas, que proceden a ratificar o seu cargo mediante promesa ou xuramento.

- Decano: D. Francisco José Rabuñal Mosquera
- Deputada 1ª – Vicedecana: Dª Mª del Carmen González Ferro
- Deputada 4ª: Dª Patricia López Arnosó
- Deputado 5º: D. Jorge Eladio Romero Rivera
- Bibliotecaria-contadora: Dª María Jesús Vieito Mayo

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 27 de febreiro de 2023, ás 21.00 h. Como secretario, dou fe.

O decano

O secretario